



AUDIOGUÍAS FICCIONADAS

GAL | ESP

*Alfay
 Cervo
 Foz
 Lourenzá
 Mondoñedo
 Ribadeo
 Viveiro*




 AUDIOGUÍAS
 FICCIONADAS
 A Mariña Lucense



ALFOZ
Páx. 6



CERVO
Páx. 8



FOZ
Páx. 10



VILANOVA
DE LOURENZÁ
Páx. 12



MONDOÑEDO
Páx. 14



RIBADEO
Páx. 16



VIVEIRO
Páx. 18



Idea e creación: Chévere e
Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense
Documentación, dramaturxia e dirección: Xesús Ron
Textos: Manuel Cortés, Xesús Ron
Rexistro e produción sonora: Xacobe Martínez Antelo
Actores e actrices: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Pepe
Penabade, Roberto Leal, Xesús Ron, Cristina Iglesias, Arantza Villar, Aurelie Eli-
ane Garrigues, Olivier Cano Carteret, Rosolino Marinello, Alfonso Barata, Mónica
García, Borja Fernández, Daniela Yáñez, Ricardo de Barreiro, Miguel Varela.
Informantes locais: Alicia, Remedios, José María, Ángel, Fernando, Pablo Vivín,
Carlos Nuevo, Manuel Lourenzo, Manuel Román, Xoán Ramón Fernández Pacios,
Antón Niño, Elisa Pérez, Camilo Díaz.
Producción: Patricia de Lorenzo, Xesús Ron.
Deseño e edición do folleto:
Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense



GAL

Ás veces as miradas poden escoitar a historia que esconden as pedras. Os séculos vividos por muros, camiños e pontes, o murmurio de ríos e bosques... todos teñen voz propia.

Alegrámonos de que no teu desexo por coñeceres a Mariña Lucense te interesases por esta proposta, porque sabemos que non te vai defraudar.

Unha invitación para participares, como testemuña privilegiada, de escenarios pasados que foron conformando a esencia do que somos.

Pon os cascos e goza do paseo!



ESP

A veces las miradas pueden escuchar la historia que esconden las piedras. Los siglos vividos por muros, caminos y puentes, el murmullo de ríos y bosques... todos tienen voz propia.

Nos alegramos de que en tu búsqueda por conocer A Mariña Lucense, te hayas interesado por esta propuesta, porque sabemos que no va a defraudarte.

Una invitación a participar, como testigo privilegiado, de escenarios pasados que fueron conformando la esencia de lo que somos.

¡Ponte los cascos y disfruta del paseo!

Que son as audioguías?

As Audioguías ficcionadas da Mariña Lucense, son unha iniciativa —pioneira en España— do ente xestor do xeodestino, a Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, e do Grupo Chévere, Premio Nacional de Teatro no 2014. No proxecto colaboraron tamén a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, e participan os municipios escenarios das guías.

É esta unha aposta por mellorar a túa experiencia viaxeira a través dun produto de calidade, personalizado e adaptado a cada municipio. Relatos ficcionados e dramatizados que constrúen un paseo ameno e evocador no que interveñen recursos documentais e literarios, mapas sonoros, dramatizacións, entrevistas, voces narradoras, música, gravación binaural...

No 2022 puxéronse en marchas as audioguías da vila de Foz e o Conxunto Histórico de Sargadelos (Cervo) continuando co camiño iniciado en 2018 cando comeza o proxecto coas propostas para as vilas históricas de Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro, ás que en 2021 sumáronse as do Castelo de Castro de Ouro (Alfoz) e Vilanova de Lourenzá (Lourenzá).

¿Qué son las audioguías?

Las Audioguías ficcionadas de A Mariña Lucense, son una iniciativa —pionera en España— del ente gestor del geodestino, la Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense y del Grupo Chévere, Premio Nacional de Teatro en 2014. En el proyecto colaboraron también la Diputación de Lugo y la Xunta de Galicia, y participan los municipios escenarios de las guías.

Es una apuesta por mejorar tu experiencia viajera a través de un producto de calidad, personalizado y adaptado a cada municipio. Relatos ficcionados y dramatizados que configuran un paseo ameno y sugerente con intervención de recursos documentales y literarios, mapas sonoros, dramatizaciones, entrevistas, voces narradoras, música, grabación binaural...

En 2022 se ponen en marcha las audioguías de la villa de Foz y el Conjunto Histórico de Sargadelos (Cervo), continuando el camino iniciado en 2018 cuando comienza el proyecto con las propuestas para las villas históricas de Mondoñedo, Ribadeo y Viveiro, a las que en 2021 se sumaron las del Castelo de Castro de Ouro (Alfoz) y Vilanova de Lourenzá (Lourenzá).

Como funciona

- ✓ As audioguías ficcionadas propóñenche un percorrido relaxado e sinxelo —en todos os casos de menos de 50 minutos— que podes realizar individualmente, en parella ou en grupo.
- ✓ En Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro, as audioguías están dispoñibles en galego, castelán, inglés e francés. As de Alfoz e Vilanova de Lourenzá en galego e castelán; e as de Foz e Cervo, en galego.
- ✓ Podes reproducilas ou descargalas de forma gratuíta no teu dispositivo móbil, MP3 ou MP4, escaneando os códigos QR deste folleto ou accedendo á web de Turismo da Mariña Lucense: amarinalucense.gal.
- ✓ É necesario que dispoñas duns cascos, preferentemente illantes, para aproveitar o seu son envolvente e vivir unha experiencia de maior calidade.
- ✓ Nas oficinas de turismo locais de Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo e Ribadeo -situadas próximas ao inicio do roteiro-, poderás alugar auriculares illantes coa audioguía incluída. O simbólico prezo é de 2 €, con gratuidade para nenos e nenas de ata 12 anos e para outros colectivos concretos, coma no caso dos centros educativos.
- ✓ Para evitar incidentes, é moi importante que realices as paradas en lugares seguros e que teñas coidado co tránsito rodado ao camiñar.

Cómo funcionan

- ✓ *Las audioguías ficcionadas te proponen un recorrido relajado y sencillo —en todos los casos de menos de 50 minutos— que puedes realizar individualmente, en pareja o en grupo.*
- ✓ *En Mondoñedo, Ribadeo y Viveiro, las audioguías están disponibles en gallego, castellano, inglés y francés. Las de Alfoz y Vilanova de Lourenzá en gallego y castellano; y las de Foz y Cervo, en gallego.*
- ✓ *Puedes reproducirlas o descargarlas de forma gratuita en tu dispositivo móvil, MP3 o MP4, escaneando los códigos QR de este folleto o accediendo a la web de Turismo de A Mariña Lucense: amarinalucense.gal*
- ✓ *Es necesario que dispongas de unos cascos, preferentemente aislantes, para aprovechar mejor su sonido envolvente y vivir una experiencia de mayor calidad.*
- ✓ *En las oficinas de turismo de Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo y Ribadeo -situadas próximas al inicio de la ruta- podrás alquilar auriculares aislantes con la audioguía incluida. El simbólico precio es de 2 €, con gratuidad para niños y niñas de hasta 12 años y para otros colectivos concretos, como en el caso de los centros educativos.*
- ✓ *Para evitar incidentes, es muy importante que realices las paradas en lugares seguros y que tengas cuidado con el tránsito rodado al caminar.*

O Mariscal: mito, lendas e novas do último guerreiro medieval

.....
Viaxa ao pasado con dous protagonistas da historia no Castelo de Castro de Ouro.

Este lugar, onde se desenvolve a audioguía, está vinculado a episodios determinantes da vida do famoso mariscal Pedro Pardo de Cela, personaxe controvertido, rodeado de mitos e lendas populares, que viviu no século XV e a quen se lle dedicaron estudos, libros, óperas e obras de teatro.

Os guías do paseo son o propio Mariscal e Isabel de Castro, a súa compañeira e esposa. Eles van trasladarte aos anos das guerras irmandiñas, ás loitas de sucesión ao trono de Castela e aos conflitos entre a nobreza galega, a igrexa e o poder real, actuando como comentaristas das súas propias historias.

Preséntase en dúas versións:

✔ Interior: suxeita ao horario de apertura ao público da torre, proponche un percorrido que transcorre polo seu interior —con tres andares que hai que superar subindo por unha escaleira con relanzos— e finaliza na terraza. Duración: 22 minutos.

✔ Exterior: como alternativa, fóra do horario de apertura da torre ou para as persoas que teñan dificultades para subir, pódese facer un percorrido rodeando a capela de San Salvador e os restos da muralla. Duración: 23 minutos.

El Mariscal: mito, leyendas y noticias del último guerrero medieval

.....
Viaja al pasado con dos protagonistas de la historia en el Castillo de Castro de Ouro.


Este lugar, donde se desarrolla la audioguía, está vinculado a episodios determinantes de la vida del famoso Mariscal Pedro Pardo de Cela, personaje controvertido, rodeado de mitos y leyendas populares, que vivió en el siglo XV y a quien se le han dedicado estudios, libros, óperas y obras de teatro.

Los guías del paseo son el propio Mariscal e Isabel de Castro, su compañera y esposa. Ellos te trasladarán a los años de las guerras irmandiñas, a las luchas de sucesión al trono de Castilla y a los conflictos entre la nobleza gallega, la iglesia y el poder real, actuando como comentaristas de sus propias historias.

Se presenta en dos versiones:

✔ Interior: sujeta al horario de apertura al público de la torre, te propone un recorrido que transcurre por su interior —con tres pisos que hay que superar subiendo por una escalera con descansos— y finaliza en la terraza.

✔ Exterior: como alternativa, fuera del horario de apertura de la torre o para las personas que tengan dificultades para subir, se puede hacer un recorrido rodeando la capilla de San Salvador y los restos de la muralla. Duración: 23 minutos.



A menos de 15 km do Castelo -dirección Foz pola LU-152-, sitúase o Pico da Frouseira, un espazo mítico na vida do Mariscal con fermosas vistas da contorna.

A menos de 15 km del Castillo -dirección Foz por la LU-152-, se encuentra el "Pico da Frouseira", un espacio mítico en la vida del Mariscal con hermosas vistas del entorno.

Lugar: Castelo de Castro de Ouro

Oficina de Turismo

interior 22'
exterior: 23'

Dificultade baixa
Dificultad baja



A antiga fábrica de fundición de Sargadelos

.....
Memoria da Revolución Industrial do século XVIII

Propómosche unha viaxe no tempo ata os anos finais do século XVIII para coñeceres a historia deste enclave singular e vital do pasado industrial da Mariña Lucense. Un proxecto promovido polo ilustrado Antonio Raimundo Ibáñez, pioneiro da siderurxia en Galicia e figura complexa e clave para entender os conflitos da súa época.

Partindo dende a antiga Casa da Administración-Museo Histórico de Sargadelos, e tras pasar fronte ao Pazo de Ibáñez (s. XVIII), o paseo adéntrase nos restos aínda visibles do complexo industrial para recoñecer o lugar e antigos usos de todos os elementos que o conformaban: a Rúa do Medio e as súas vivendas planificadas; o campo da feira; o antigo forno de fundición; a Casa das Máquinas; os almacéns e carboeiras; o forno de calcinación; o famoso Paseo dos Namorados, e a presa sobre o Río Xunco.

Durante o paseo por estes escenarios, escoitarás a voz do propio Ibáñez e doutras testemuñas daquel momento confrontando as súas declaracións sobre o motín e asalto de abril de 1798 contra a fundición. Un episodio histórico que serve para ilustrar o impacto da iniciativa de Ibáñez na sociedade da época, exemplo dos conflitos que xorden na transición entre o Antigo Réxime e a Revolución Industrial.

La antigua fábrica de fundición de Sargadelos

.....
Memoria de la Revolución Industrial del siglo XVIII

Te proponemos un viaje en el tiempo hasta los años finales del siglo XVIII para conocer la historia de este enclave singular y vital del pasado industrial de A Mariña Lucense. Un proyecto promovido por el ilustrado Antonio Raimundo Ibáñez, pionero de la siderurgia en Galicia y figura compleja y clave para entender los conflictos de su época.

Partiendo desde la antigua Casa da Administración-Museo Histórico de Sargadelos y tras pasar frente al Pazo de Ibáñez (s. XVIII), el paseo se adentra en los restos aún visibles del complejo industrial para reconocer el lugar y antiguos usos de todos los elementos que lo conformaban: la Rúa do Medio y sus viviendas planificadas; el campo de la feria; el antiguo horno de fundición; la Casa de las Máquinas; los almacenes y carbones; el horno de calcinación; el famoso Paseo de los Enamorados y la presa sobre el Río Xunco.

Durante el paseo por estos escenarios, escucharás la voz del propio Ibáñez y de otros testigos de aquel momento confrontando sus testimonios sobre el motín y asalto de abril de 1798 contra la fundición. Un episodio histórico que sirve para ilustrar el impacto de la iniciativa de Ibáñez en la sociedad de la época, ejemplo de los conflictos que surgen en la transición entre el Antiguo Régimen y la Revolución Industrial.

Ademais do Museo Histórico de Sargadelos (tel. 670 267 239), poderás coñecer nas proximidades o Centro de Emprendemento e Artesanía de Sargadelos e a fábrica de Sargadelos contemporánea con diversas propostas (tel. 982 227 841).

Además del Museo Histórico de Sargadelos (tel.670 267 239), en el entorno puedes conocer el “Centro de Emprendemento e Artesanía de Sargadelos” y la fábrica de Sargadelos contemporánea con diversas propuestas (tel. 982 227 841).



Inicio: Museo histórico de Sargadelos



30 minutos



Dificultade baixa
Dificultad baja



Memorias poéticas de Foz

.....
Voces dunha vida ligada ao mar

A fonda e antiga vinculación de Foz co mar percíbese non só nos seus monumentos e na fisionomía da vila, que agocha sutís pegadas da súa historia, senón tamén nos ecos de vidas remotas que forman parte da esencia local.

N
O
F

Este paseo audioguiado de 45 minutos percorre a marxe litoral de Foz para falarnos da difícil configuración do porto e da entrada da ría, da importancia das actividades vencelladas ao mar, da transcendencia da praia e da lembranza de antigos barrios mariñeiros.

O relato de Rosa, a nosa guía, convértese nun diálogo a varias voces con participación de veraneantes e veciños. escoitarás falar das peixeiras fagegas que percorrían a comarca; de como era o barrio da Ribeira e Tupide antes dos recheos, espigóns e peiraos; de como era a praia da Rapadoira e os seus arredores antes de que a urbanizasen; da orixe histórica do Campo da Cabana e do peculiar humor das súas xentes; da tradición conserveira; do auxe da carpintería de ribeira; das Carolas e os Carolos; do naufraxio do Xesús Nazareno; da procesión do Carme e as alfombras de flores. E sobrevoando o paseo, escoitarás cantados e musicados os poemas de Faneca, un personaxe inventado por Xosé de Socorro que fai unha crónica poética daquel tempo mítico en que Foz vivía case dentro do mar.

Memorias poéticas de Foz

.....
Voces de una vida ligada al mar

La honda y antigua vinculación de Foz con el mar se percibe no solo en sus monumentos y en la fisionomía de la villa, que esconde sutiles huellas de su historia, sino también en los ecos de vidas lejanas que forman parte de la esencia local.

Este paseo audioguiado de 45 minutos recorre el borde litoral de Foz para hablar de la difícil configuración del puerto y de la entrada de la ría, de la importancia de las actividades ligadas al mar, de la trascendencia de la playa y del recuerdo de antiguos barrios marineros.

El relato de Rosa, nuestra guía, se convierte en un diálogo a varias voces con participación de veraneantes y vecinos. Escucharás hablar de las pescantinas fagegas que recorrían la comarca; de cómo era el barrio de la Ribeira y Tupide antes de los rellenos, espigones y muelles; de cómo era la playa de A Rapadoira y su entorno antes de ser urbanizado; del origen histórico del Campo da Cabana y del peculiar humor de sus gentes; de la tradición conserveira; del auge de la carpintería de ribeira; de las Carolas y los Carolos; del naufragio del Jesús Nazareno; de la procesión del Carmen y las alfombras de flores. Y sobrevolando el paseo, escucharás cantados y musicados los poemas de Faneca, un personaje inventado por Xosé de Socorro que hace una crónica poética de aquel tiempo mítico en que Foz vivía casi dentro del mar.

A través do Camiño Natural Ruta do Cantábrico, podes percorrer a senda costeira que beira a ría de Foz, gozando dunha fermosa paisaxe.

A través del Camino Natural Ruta del Cantábrico, puedes recorrer la senda costera que bordea la ría de Foz, disfrutando de un hermoso paisaje.



Inicio:
CENIMA



Oficina
de Turismo



45 minutos



Dificultade baixa
Dificultad baja



Vilanova de Lourenzá. Paisaxes da memoria

Fernández del Riego descóbrega os recunchos dunha nenez feliz.

Esta visita propónche un paseo polas rúas de Vilanova, para coñeceres as historias que se foron tecendo nela dende o século X, cando o “Conde Santo” fundou o Mosteiro de San Salvador.

O guía desta viaxe será o intelectual galeguista Francisco Fernández del Riego —personaxe clave para entender o desenvolvemento da cultura galega no século XX— nado en Lourenzá e que viviu os anos da súa nenez na casa familiar da Praza de Linares Rivas, asistindo á escola do vello edificio do mosteiro e gozando de cada recuncho da vila. Botando man da súa memoria, ha axudarche a coñecelos tamén, pasando pola Igrexa de Santa María, os claustros do Mosteiro, o Cantón, o Principal Cinema, o muíño dende o que marchou á emigración o pai da poeta uruguia Juana de Ibarbourou, a Ponte de Pedra, a rúa principal co seu comercio ou o lugar onde foi emboscado o guerrilleiro antifranquista “O Gardarrios”.



Vilanova de Lourenzá. Paisajes de la memoria

Fernández del Riego te descubre los rincones de una infancia feliz.

Esta visita te propone un paseo por las calles de Vilanova para conocer las historias que se fueron tejiendo en ella desde el siglo X, cuando el “Conde Santo” fundó el Monasterio de San Salvador.

El guía de este viaje será el intelectual galleguista Francisco Fernández del Riego —personaje clave para entender el desarrollo de la cultura gallega en el siglo XX— nacido en Lourenzá y que vivió los años de su niñez en la casa familiar de la Plaza de Linares Rivas, asistiendo a la escuela del viejo edificio del monasterio y disfrutando de cada rincón de la villa. Echando mano de su memoria, te ayudará a conocerlos también, pasando por la Iglesia de Santa María, los claustros del Monasterio, el Cantón, el Principal Cinema, el molino desde el que marchó a la emigración el padre de la poeta uruguaya Juana de Ibarbourou, el Puente de Piedra, la calle principal con su comercio o el lugar donde fue emboscado el guerrillero antifranquista “O Gardarrios”.



A Oficina de Turismo sitúase no “Centro de Interpretación da faba”, espazo ideal para coñecer mellor a Faba de Lourenzà, un dos produtos estrela da horta da Mariña Lucense.

La Oficina de Turismo se sitúa en el “Centro de Interpretación da faba”, espacio ideal para conocer la “Faba de Lourenzà”, uno de los productos estrella de la huerta de A Mariña Lucense.



Inicio: Praza
de César Chavarría



Oficina
de Turismo



38 minutos



Dificultade baixa
Dificultad baja

Mondoñedo e familia

.....
Un paseo con encanto pola cidade de Cunqueiro.

Coa figura do universal escritor Álvaro Cunqueiro Mora como fío condutor, este paseo ofrécete unha oportunidade magnífica para entrares no ambiente místico e cultural que caracteriza a Mondoñedo e percorrer os seus espazos máis emblemáticos.

Rula será a guía que te conducirá dende o Antigo Consistorio (Oficina de Turismo) ata o Cemiterio Vello, a través dun relato novelado, documental e testemuñal, no que coñecerás as voces de varios mindonienses que comparten os seus recordos sobre o xenial escritor. Alicia, que coñeceu dende nena a Álvaro; Remedios, filla do Pallarego; José María, xornalista e coñecedor de mil historias; Ángel, veciño namorado da obra de Cunqueiro, ou Fernando, que traballou toda a súa vida na imprenta Sucesor de Mancebo, onde o autor escribía os seus artigos de prensa. Ademais de Cunqueiro, hai alusións a outros personaxes locais.




Mondoñedo y familia

.....
Un paseo con encanto por la ciudad de Cunqueiro.

Con la figura del universal escritor Álvaro Cunqueiro Mora como hilo conductor, este paseo te ofrece una oportunidad magnífica para adentrarte en el ambiente místico y cultural que caracteriza a Mondoñedo y recorrer sus espacios más emblemáticos.

Rula será la guía que nos conducirá durante unos 50 minutos, desde el Antiguo Consistorio (Oficina de Turismo) hasta el Cementerio Viejo, a través de un relato novelado, documental y testimonial, en el que conocerás las voces de varios mindonienses que comparten sus recuerdos sobre el genial escritor. Alicia, que conoció desde niña a Álvaro; Remedios, hija del Pallarego; José María, periodista y conocedor de mil historias; Ángel, vecino enamorado de la obra de Cunqueiro, o Fernando, que trabajó toda su vida en la Imprenta Sucesor de Mancebo, donde el autor escribía sus artículos de prensa. Además de Cunqueiro, hay alusiones a otros personajes locales.



Inicio: Oficina de Turismo

Oficina
de Turismo

47 minutos

Dificultade baixa
Dificultad baja


Ribadeo, alén do tempo

Rememora vellos tempos cun paseo polo rico escenario arquitectónico e o legado indiano desta vila.

A modo de película antiga, esta visita convídate a camiñar acompañado por relatos, sons, ambientes e músicas que recrean un tempo no que os emigrantes retornados deixaron unha pegada inconfundible na identidade de Ribadeo. Un percorrido pola memoria da arquitectura indiana de finais do século XIX e comezos do século XX, que comeza nos arredores da Praza de España, e que te achega aos principais exemplos deste legado presentes en Ribadeo: as grandes casas e outros edificios vencellados á súa influencia.

Un ribadense —personaxe inspirado en Ramón Fernández Figueiras— fillo de indianos e el mesmo emigrante na Arxentina, será o guía deste paseo que te permitirá revivir escenas da vida dos indianos de Ribadeo, ir ata o Bos Aires de principios do século XX, asistir á conversa duns mariñeiros de Rinlo ou escoitar un anuncio de radio dos anos trinta dunha actuación de Antonio Machín.

R I B A D E O



Ribadeo, más allá del tiempo

Rememora viejos tiempos con un paseo por el rico escenario arquitectónico y el legado indiano de esta villa.

A modo de película antigua, esta visita te invita a caminar acompañado por relatos, sonidos, ambientes y músicas que recrean un tiempo en el que los emigrantes retornados dejaron una huella inconfundible en la identidad de Ribadeo. Un recorrido por la memoria de la arquitectura indiana de finales del siglo XIX y comienzos del siglo XX que comienza en torno a la Plaza de España y que te acerca a los principales ejemplos de este legado presentes en Ribadeo, sus grandes casas y otros edificios ligados a su influencia.

Un ribadense —personaje inspirado en Ramón Fernández Higuera— hijo de indianos y él mismo emigrante en Argentina, será el guía de este paseo que te permitirá revivir escenas de la vida de los indianos de Ribadeo, ir hasta el Buenos Aires de comienzos de siglo XX, asistir a la conversación de unos marineros de Rinlo o escuchar un anuncio de radio de los años treinta de una actuación de Antonio Machín.



Conversas nun Viveiro fantástico

Vive a historia de Viveiro xunto a un paseante nocturno percorrendo as súas rúas, prazas e personaxes históricos.

VIVEIRO

Esta audioguía ficcionada propónche coñecer Viveiro e revivir as historias do seu pasado a través dun conto fantástico protagonizado por personaxes históricos, uns anónimos e outros con relevancia na vida política, económica ou artística de Viveiro.

Unha viaxe no tempo que te levará dende a Praza Maior, a percorrer as estreitas rúas do centro histórico na compañía dun misterioso paseante nocturno, presenciando as súas conversacións con Pastor Díaz, George Borrow, Nemesio Barreiro, Maruxa Mallo ou Emilio Caxete “O Rabeno”. No paseo asistirás tamén á toma do Concello, liderada por Xan de Izá en 1812, e aos sucesos de novembro de 1911; seguirás a Don Adolfo o trovador; escoitarás cantos dos maíos e coplas de Entroido e coñecerás o testamento de María Sarmiento e os negocios de José Barro. Só ao final, descubrirás que a voz que nos guía, é unha homenaxe ao intelectual e diplomático viveirense Lois Tobío.



Conversaciones en un Viveiro fantástico

Vive la historia de Viveiro junto a un paseante nocturno recorriendo sus calles, plazas y personajes históricos

Esta audioguía ficcionada te propone conocer Viveiro y revivir las historias de su pasado a través de un cuento fantástico protagonizado por personajes históricos, unos anónimos y otros con relevancia en la vida política, económica o artística de Viveiro.

Un viaje en el tiempo que te llevará desde la Plaza Mayor, a recorrer las estrechas calles del casco histórico en compañía de un misterioso paseante nocturno, presenciando sus conversaciones con Pastor Díaz, George Borrow, Nemesio Barreiro, Maruxa Mallo o Emilio Caxete “O Rabeno”. En el paseo asistirás también a la toma del Ayuntamiento, liderada por Xan de Izá en 1812, y a los sucesos de noviembre de 1911; seguirás a Don Adolfo el trovador; escucharás cantos de los “maíos” y coplas de carnaval y conocerás el testamento de María Sarmiento y los negocios de José Barro. Solo al final descubrirás que la voz que nos guía, es un homenaje al intelectual y diplomático vivariense Lois Tobío.

No Convento de San Francisco, próximo ao lugar onde conclúe o paseo, podes visitar a “Exposición permanente Semana Santa de Viveiro”, evento declarado de Interese turístico Internacional.

En el Convento de San Francisco, próximo a donde concluye el paseo, puedes visitar la “Exposición permanente Semana Santa de Viveiro”, evento declarado de Interés turístico Internacional.



 Inicio:
Praza Maior

 Oficina
de Turismo

 47 minutos

 Dificultade baixa
Dificultad baja



A Mariña Lucense Turismo

Oficina de Turismo de Alfoz
Castelo de Castro de Ouro
Alfoz
982 558 581

Conxunto Histórico - Artístico de Sargadelos
As Fábricas, 10
Sargadelos, Cervo
982 557 777

Oficina de Turismo de Foz
Edificio CENIMA
Travesía da Ribeira s/n
982 132 426

Oficina de Turismo de Lourenzá
Centro de Interpretación da Faba
Travesía da Mariña, 4
982 121 006

Oficina de Turismo de Mondoñedo
Praza da Catedral, 34
982 507 177

Oficina de Turismo de Ribadeo
Rúa de Dionisio Gamallo Fierros, 7
982 128 689

Oficina de Turismo de Viveiro
Av. Ramón Canosa, 2
982 560 879

Se alugaches as audioguías nas Oficinas de Turismo, lembra que o tempo de devolución está limitado segundo as indicacións recibidas en cada caso.

Si has alquilado las audioguías en las Oficinas de Turismo, recuerda que el tiempo de devolución está limitado según las indicaciones recibidas en cada caso.